Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✦ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Castro Bruxel

O castro Bruxel está en Santa Baia de Artoño, en Agolada (Pontevedra). Foi fogar de mouros, e de carlistas; estes chegaban ás portas das casas e petaban:

—Tum, Tum!

—Quen vai? —preguntaban os da casa.

—Os carlistas.

E seica marchaban coa muller da casa.

Nunha leira do lado do castro apareceu unha ola de barro chea de pó de ouro moído.

Os mouros entraban no castro pola parte baixa, por unha mina esteada de pedras. Agora parece que só se pode andar dez metros ata un derrubamento.

BIBLIOGRAFÍA

APARICIO CASADO, B., Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80, Edicións do Castro, Sada, 1999.